

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE MAIO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o doce de maio de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, celebradas os días 7, 14, 21 e 28 de abril de 2021.

### **ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de vixilancia do Parque de a Milagrosa (Lugo) e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021/C003/000012.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración da subministración de dous vehículos mediante lotes para o Parque Móbil do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021/C004/000013.

Acórdase a aprobación dos pregos de precricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación dun sistema de seguridade perimetral no Concello de Lugo no marco da estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado Dusi Muramiñae: da Muralla ao Miño -CP: 16DUSI001.lincluído no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2021-C004-000010.

Tamén se acorda a renuncia do procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables. Expte. ref.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac8740279915178766655.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-5-2021

2021-C005-000019.

Acórdase a 2ª prórroga do contrato na contratación da prestación do servizo de xestión no Centro Social e Cultural do Vello Cárcere. (Exp. ref 2018-15).

Acórfase a adxudicación na contratación do servizo da dirección de obra, dirección de execución material e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de prolongación del paso subterráneo bajo la N-VI"; incluído no programa operativo Feder orde Hap/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. Ref. 2020-C003-000073.

**2. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar a solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción de nave destinada ao almacenamento de forraxes en Belesar (San Xoán do Campo).

Tamén se acorda estimar a solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dun estercoeiro, dunha fosa de xurro e dunha plataforma de formigón en Esperante.

Do mesmo xeito acórdase estimar a solicitude de bonificación da cota do icio polo "especial interese ou utilidade municipal" da execución de cubertas para dúas fosas de purín existentes, execución de soleira de formigón para a circulación entre diversas edificacións e legalización de obras xa executadas consistentes na construción dun muro de contención de formigón armado, en explotación de vacún existente en Lamaboa, parroquia de San Xoán do Campo.

**3. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza Xefe/a do Parque Móbil pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a gardería municipal pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2020).

### ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

**4. PLANEAMENTO.-** Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de compensación do único polígono do Peri 5.3 (UI-6 do Pepri) do PXOM vixente.

**5. LICENCIAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a denegación das seguintes licenzas urbanísticas: para a rehabilitación e ampliación da planta baixa na avenida

Marqués de Ombreiro nº158, (expte: 2019/Y001/000064); para reestructuración de edificio, aumento dunha planta, e cambio de uso de comercial en planta baixa e vivenda en plantas altas, a apartamentos turísticos, na rúa San Fernando, número 4, (expte: 212/18); legalización de reforma de cuberta, consistente no cambio de tres cubertas por unha única a dúas augas, cambiando a configuración dos faldóns, da súa pendente e modificación de fachada, no edificio da avda. da Fábrica da Luz, número 11 (expte: 2019/Y001/000066) e para a construción de vivenda unifamiliar na rúa da Millara-rúa do Valiño, (expte: 2019/Y001/000059).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para traballos previos necesarios para a realización da escavación arqueolóxica (demolición de edificio, apuntalamo de medianeira), unidade edificatoria 3302-01, na ronda da Muralla, número 68. (Expte: 2021/Y001/000116), para a ampliación da vivenda unifamiliar, en Pena da Mula, número 6 (expte: 73/19) e para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Bustelo, número 1, (Sector Sur-B, polígono 1, Manzana M7, parcelas P1. (Expte: 145/19).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**